



ROTEIRO POLO CASTRO DE ESPASANTE

(ORTIGUEIRA)



O roteiro discorrerá pola chamada Ruta das Algas da costa de Ortigueira e Mañón. Sairemos da praia de Esteiro, onde veremos, como o propio nome indica, o esteiro que forma o río Loiba na súa desembocadura. Seguiremos polo camiño do litoral bordeando a costa na zona dos cantís de Loiba, onde se sitúa o tan coñecido “mellor banco do mundo”, cunhas fermosas vistas á ría de Ortigueira, Cabo Ortegaleira e Estaca de Bares. Nesta zona, atoparémonos co Castro de Loiba e cos

restos do muíño de vento de O Picón. Seguiremos bordeando a costa polos abruptos cantís e praias de Loiba e Céltigos, onde aínda hoxe en día se segue levando a cabo o tradicional aproveitamento de algas. Finalizaremos a ruta no pobo mariñeiro de Espasante, onde poderemos ver o particular xacemento de Punta dos Prados, no que destaca a planta semicircular e a presenza de baños de vapor a modo de sauna, algo excepcional nos castros galegos.

Dependendo do tempo, poderemos continuar a andaina pola costa ata Ladrado, bordeando a ladeira do Castro da Croa e desde onde teremos unhas vistas espectaculares da Illa de San Vicente. Recolleranos o bus no pobo de Espasante, rematando a ruta. Para máis información:

http://www.concellodeortigueira.com/turismo/intro3b.php?txt=rota_7&lg=cas
http://www.turismoortigueira.com/media/content/27/folleto_galego.pdf

Lonxitude: 13 quilómetros, de dificultade baixa-media.

DOMINGO, 22 de MAIO de 2015

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 240 299**.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s

PRÓXIMO ROTEIRO DE ADEGA LUGO

12 Xuño: Castro de Baroña - Porto do Son (*)

(*)A data orixinal era o 26 de xuño pero tivemos que mudala para o día 12 por mor das Eleccións.

+info: www.adega.gal ou roteirosadegalugo.blogaliza.org